

Palabras Xulio Xiz – Varela, Fillo Predilecto – 4/12/2010

Sr. Alcalde de Begonte
Sras. Concelleiras e Concelleiros de Begonte
Señoras e Señores

É para min unha honra falar neste acto e neste lugar falar no nome dos amigos de Varela, e do Centro Cultural “José Domínguez Guizán”, sobre o home que durante trinta e sete anos ofreceu a Begonte e ó mundo o noso fermoso, inocente e simbólico Belén Electrónico.

Tense dito en innumerables ocasións que o Belén naceu a finais de 1972, cando Don José e Joselín –José Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela- acudiron á Coruña, ó Centro de Formación Profesional Acelerada, pois sabían que alí había un Belén articulado, e o párroco begontino quería –novo San Francisco de Asís- que os seus feligreses tivesen un lugar onde atoparse cun expresivo Nadal, onde se reflectise a vida das xentes das nosas aldeas, esa vida que se vai perdendo porque a modernidade nos vai conquistando e moitos aspectos vanse transformando, e a vida das aldeas doutrora pouco se parece á vida actual.

Aquel decembro de 1972, Begonte tivo o seu primeiro belén electrónico. Porque Don José tiña un entusiasmo que superaba todas as barreiras, e Varela un tesón, unha maña e unha arte que conseguía todo o que se propuxese.

Xa naquel primeiro ano, téñenme confesado os dous, o Belén de Begonte superou o modelo. E chamóuselle “Belén electrónico” e entrou na vida de todos nós, e entrou na historia.

Desde que eu me vencellei ó Belén e entrei no círculo de amizade, case poido dicir que entrei na familia dos dous promotores, aló por 1974, hai pois 36 anos, o Belén foi medrando, evoluíndo, afianzándose, polo impulso de Don José, pola constancia de Varela, pola comprensión e apoio de Pilar, chegando a ser unha institución estimada de xeito que cando hoxe

se fala do Belén, moitos recoñecen ter vido hai anos de novos ou de pequenos, cos pais ou cos avós, e agora seguen vindo con fillos ou con netos. E mesmo xente que aínda non veu, confésao como disculpándose por non coñecer físicamente aquilo do que tantas veces teñen oído falar.

Neste tempo, morreu Don José, moi novo, moi cedo. E deixounos orfos. Pero tivemos a sorte de que quedou seu irmán Jesús que acolleu a herdanza do fundador coa fe firme dun firme crente, coa devoción e entrega dun albacea honrado, co entusiasmo do que sabe o que esta iniciativa significa, e dos froitos que para todo Begonte se están obtendo con este labor.

Tivemos outras perdas sensibles, e todos os begontinos lembraredes o agarimo que en todos nós despertaba Teté, todo alegría, ilusión e entusiasmo.

Varela, era a pedra angular do Belén. Os begontinos chamábadeslle “Joselín”. O Belén existiu ata agora porque existiu Varela.

Hai uns días, fun ó Instituto Politécnico onde Varela daba clases, para invitar persoalmente á profesora Ramos, a Directora, para este acto. E mentras nos presentábamnos mutuamente, indicoume que naturalmente estaría aquí non só ela senón outros compañeiros do noso común amigo, sinalando “é que, para nós, Varela era...”. Aquí, emocionouse e non rematou a frase, pero para min foi perfectamente claro, porque tamén para todos nós Varela era... todo o que non sabemos dicir, porque é demasiado complexo, grande, entrañable, querido... como para poder resumilo nunha frase, nun repente.

Varela naceu en Begonte, e seguiu vivindo en Begonte toda a vida, aínda que físicamente tivese formado unha entrañable familia na rúa lucense do Pintor Corredoira. Tiña en Begonte moito máis que unha vivenda de fin de semana, á que acudía coa menor das desculpas de cultivar un horteiro, traballar nunha finca, cuidar da facenda, ver á familia... Pero sobre todo en Begonte tiña o Belén, que nacía “in situ” ás veces, no local do Centro Cultural, pero que a maioría das veces nacía en Lugo, na súa vivenda de Pintor Corredoira, onde as diversas pezas ían tomando forma, collendo vida, coa infinita paciencia de Varela, coa infinita comprensión de Pilar, para logo asombrarnos a todos.

Varela era un home tranquilo, infundía tranquilidade, daba paz. Era un home traballador, infatigable, entregado en todas as cousas que afrontaba. Era un home modesto, que gustaba de pasar desapercibido, que se colocaba sempre nos últimos lugares para que ninguén se fixara nel, que no posible escapaba das cámaras e dos micrófonos, que cando lle demos o nome de MUSEO RODRÍGUEZ VARELA ó Museo do Belén, deixounos facer, pero nunca nos deu vía libre para que colocáramos un letreiro que o acreditase. Esta tarde, por fin, colocaremos esa Placa. Para nós, é un pouco tarde. Pro por fin podemos facerlle xustiza. Aínda que seguro Varela se ruborizará ó contemplarnos.

. Os anos ían pasando, e Varela dedicaba anacos importantes da súa vida ó Belén, e a outros belenes, e aí están os da Asociación de Belenistas de Lugo e Caixa Galicia, e o da Catedral de Lugo.

Pero o de Begonte era como unha prolongación do seu corpo, da súa vida, porque parte da súa vida íanola entregando cada edición do Belén, silenciosamente, quitándose importancia, afirmando que calquera sería capaz de facer o que el facía, agradecéndonos ós demais o afecto que lle demostráramos.

Co paso dos anos, dentro da familia do Belén, Varela e a súa familia foi entrando nas nosas vidas, pola súa humanidade, pola súa sinxeleza, establecendo lazos afectivos tan difíciles de explicar como o que a personalidade de Varela significaba para as xentes do Instituto onde traballaba. Para a xente do Belén, para a familia Domínguez Guizán, para todos os maiores e os rapaces que teñen traballado e traballan no Belén, para os que de corazón formamos parte desta obra senlleira, Varela era... ¿Quen é capaz de dicilo en concreto, cando non hai palabras para resumilo?.

Non é unha cuestión matemática... Varela e Pilar son moito máis que dous. E se xuntamos os dous fillos son moito máis que catro. E a Familia Varela, que neste acto recibe o maior homenaxe que un pobo pode facer a un dos seus, estara por sempre connosco como xente de ben, irmá, xente de noso hoxe e sempre.

Para o Belén de Begonte, hoxe é un día moi importante no que comeza a primeira tempada sen Varela, sen o Varela físico, que a súa forza e a súa presenza está connosco, e o Belén que

hoxe inauguramos é o mesmo que el nos deparou o pasado ano, que permanece intocado como homenaxe á súa memoria.

Señor Alcalde, señoras concelleiras e señores concelleiros: Honrando a José Rodríguez Varela, hónrannos a todos nós, a todos os que temos algunha relación de amizade co Belén Electrónico, e honran a todos os begontinos.

Declarar a unha persoa Fillo Predilecto dun Concello é o mellor homenaxe posible a unha persoa que fixo méritos importantes na honra do pobo que o viu nacer.

E acordar por unanimidade esta distinción honra a todos os que forman parte do Concello de Begonte, xa que unha distinción así é dobremente valiosa cando todas as forzas políticas se poñen de acordo nunha decisión unánime.

Para o Belén de Begonte esta distinción ó noso creador, Varela, é un galardón que acollemos como propio, que nos anima para continuar o traballo de Varela, e para seguir logrando conseguir que cada ano Begonte, a través deste Belén e das actividades que o acompaña, sexa a capital do Nadal en Galicia.

Eu nesta "laudatio", tiña que haber falado de Varela... E dixen algo, pouco, pero todos vos sabedes que para todos nós Varela era... ¡¡¡!!!.